



R, pola formación de talento novo e perfís dixitais cos webinarios da AMTEGA

- ***Big Data e 5G/6G son os temas dos voceiros de R que, mañá e a semana que vén respectivamente, abrirán a serie dos webinarios TransformaTech Sessions da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia).***
- ***No apartado Talento Xove, estas charlas forman parte do programa Digitalent da Xunta de Galicia para potenciar o talento de mozos e mozas en competencias dixitais e fomentar as profesións STEM.***
- ***A diferenza da modalidade profesional, este apartado do programa de webinarios diríxese a estudantes da ESO e FP en Galicia, con idades comprendidas entre os 12 e os 16 anos.***

Xoves, 3 de marzo de 2022.- O programa de ***Webinars TransformaTech Sessions da AMTEGA***, comprende unha serie de encontros virtuais breves sobre tecnoloxías ‘disruptivas’ na sociedade dixital, que impartirán voceiros/as de empresas colaboradoras para un público profesional, por unha banda, e estudantil, por outro.

Na modalidade de *Talento Xove* intervirán unha voceira e un voceiros de **R** con senllas charlas que ocupan o lugar primeiro e segundo desta serie que comeza mañá venres, 4 de marzo. Nesta ocasión será **Olga Fernández**, analista de datos e especialista en fidelización de cliente de **R**, co webinar titulado “*O Big Data está en todas partes: onde e para que se usa*”, quen inaugurará desta maneira o programa da AMTEGA (*Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*), enmarcado no *Plan Digitalent* da administración autonómica para fomentar o talento e os perfís dixitais entre a mocidade. Durante a súa intervención, Olga deterase en explicarlles aos/ás novos/as a que se debe a popularidade do *Big Data*, do que todo o mundo fala ou, por exemplo, de que maneira se usan estas tecnoloxías en redes sociais como *tik tok*, ou en plataformas musicais e audiovisuais como *Spotify* ou *Netflix*.

A experta avanzounos que o “*Big Data forma parte da nosa realidade diaria nas empresas, na medicina, no noso lecer (Netflix, tik tok ou mesmo no fútbol) e sen dúbida xa está a ser e vai seguir sendo unha das áreas na que se demandarán máis profesionais no futuro*”.

Tomará a testemuña o mércores 9 de marzo **Pedro Herbello**, responsable de produtos de telefonía de **R**, coa segunda charla desta modalidade dirixida aos/ás novos/as baixo o título “5G, o impulso da transformación dixital”. Herbello daralles resposta a preguntas como que nos trae o 5G e por que falamos desta como dunha tecnoloxía ‘disruptiva’, cal é a súa situación en España nestes momentos ou cando se consolidarán aquí o 5G NSA e o 6G.

Nun avance do seu webinar da próxima semana, o especialista do operador galego afirma que “5G non é só máis velocidade de descarga, senón moito máis que iso. Trátase da primeira tecnoloxía móbil que nos permite adaptar a mesma rede e de maneira simultánea para servizos completamente opostos; unha tecnoloxía pensada para resolver non só as necesidades dos usuarios individuais senón tamén da industria”.

TransformaTech Sessions

Esta actuación forma parte do Plan de Talento Dixital de Galicia, Plan DigiTalent, impulsado pola Amtega para fomentar as vocacións tecnolóxicas entre o alumnado máis novo e impulsar os novos perfís dixitais.

Webinars sobre Tecnoloxías disruptivas

Modalidades: Talento Xove e Profesionais

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo 21'22

Organiza: Centro GaiásTech

Colaboran:

altia dinahosting DXC TECHNOLOGY FORENSIC SECURITY inetum NTT DATA minsoit orange R Telefónica Televés

Aproveitar as oportunidades do mercado laboral

Os contidos destes webinarios da modalidade *Talento Xove* están adaptados a mozos e mozas de 12 a 16 anos que cursan a ESO, Bacharelato ou estudos de Formación Profesional en centros educativos de Galicia. Diseñadas nun formato breve e áxil, as exposicións queren achegar as novas tecnoloxías aos/ás asistentes dunha maneira dinámica e tentar que participen activamente relacionándose cos voceiros/as para resolver as súas dúbidas e inquietudes. Para inscribirse: <http://i.r.gal/5sj> y <http://i.r.gal/5si>.

A administración autonómica, a través da AMTEGA, segue pondo o foco no fomento das vocacións científico-tecnolóxicas dende idades temperás, onde destacan as actuacións dirixidas a centros educativos. Outro dos bloques prioritarios de actuación do *Plan Digitalent*, en que se enmarcan estas charlas, é a adaptación dos estudantes e profesionais ás demandas do mercado laboral, co obxectivo de maximizar as oportunidades de desenvolvemento profesional dos galegos e galegas no campo das novas tecnoloxías.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal

